

CONTIDO DAS PROBAS E ORDE DE PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS SOLICITANTES NA ÁREA DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO DAS BOLSAS PARA O PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2020

Por medio do presente anuncio comunícase que a proba da **área de danza e artes do movemento** realizarase de acordo co se sinala deseguido:

Data da proba: 10 de agosto de 2020, luns

Lugar: Teatro Colón, avda. da Mariña, 15003 A Coruña. Entrada lateral dos xardíns.

Hora: 09:30 h.

A partir das 09:00 h estará aberto o Teatro.

En función dos estudos e proxectos das persoas solicitantes, establécense dous grupos:

Liña Contemporánea

Hora: 09:30 h: reunión do tribunal coas persoas solicitantes.

Contido da proba:

- * Creación propia, de 1 a 3 minutos.
- * Improvisación de 1 a 3 minutos con música a elixir entre tres propostas polo tribunal.
- * Composición coreográfica baseada nunha proposta do tribunal; disporán de tempo para preparala.
- * Entrevista persoal.

Orde de participación na proba: (determinouse por sorteo saíndo a letra T)

10:00 VIEIRO PÉREZ, ADRIANA
10:20 BARCIA FÁBREGA, INÉS
10:40 INCERA MARTÍN, SARA
11:00 MENDIETA PÉREZ, GABRIELA
11:20 ROJO, MOURE, SUEVIA
11:40 SÁNCHEZ TEMPRANO, ISABEL
12:00 SECO ALLEGUE, SARA

Liña Clásica

Hora: 13:00 h: reunión do tribunal coas persoas solicitantes.

Contido da proba:

- * Variación de repertorio clásico a escoller pola persoa solicitante, de 1 a 3 minutos.
- * Variación de creación propia, de 1 a 3 minutos.
- * Improvisación de 1 a 3 minutos con música a elixir entre tres propostas polo tribunal.
- * Entrevista persoal.

Orde de participación na proba: (determinouse por sorteo saíndo a letra T)

13:15 CAAMAÑO MARTÍNEZ, CARLA

13:35 PAREDES SOLANA, PEDRO

13:55 PÉREZ LÓPEZ, ÁNGELA

As persoas solicitantes levarán a música nun dos seguintes soportes:

* CD en formato wave

* ipod, ipad, teléfono, tableta ou calquera dispositivo con saída minijack

* USB, formato FAT 32

A proba realizarase a porta aberta e será gravada.

NORMAS XERAIS

1.- Para facer a proba é imprescindible presentar o **DNI**

2.- As persoas participantes deberán acudir provistos de **mascarilla** e permitirase unha persoa acompañante, máximo.

3.- As persoas **acompañantes** deberán proporcionar os seus datos e un teléfono de contacto para poder acceder ao Teatro.

4.- As persoas participantes disporán dun **camerino** común con postos previamente asignados, que serán os mesmos ao longo da mañán, e poderán realizar o **calentamento** na zona do lateral dereito da platea.

5.- Tanto as persoas participantes, como os seus acompañantes que desexen estar no patio de butacas terán unha **localidade asignada**, que será a mesma ao longo da mañán, de acordo co seguinte:

Fila 7: Adriana Vieiro, Inés Barcia, Sara Incera, Gabriela Mendieta Suevia Rojo e acompañantes.

Fila 9: Carla Caamaño, Pedro Paredes, Ángela Pérez, Isabel Sánchez, Sara Seco e acompañantes.

6.- Non se permitirá o acceso ás plantas superiores do Teatro.